Unha invitación á lectura de Simon Leys

Ramón Cao Martínez[1]

Mergullarse na lectura de calquera das obras de Simon Leys é gozar dun auténtico festín intelectual e estético. Agora, a recente versión ao castelán dun ensaio sobre este incitante escritor invítanos a volver a mirada cara a el[2]. Pero, de quen estamos a falar?

1.- Simon Leys

(Bruxelas 1935-Canberra, 2014), pseudónimo de Pierre Rickmans, estuda Dereito na Universidade de Lovaina e, aos seus vinte anos (maio de 1955), descobre a China nunha viaxe organizada pola nova República Popular. Fascinado por aquela civilización tan allea, decide dedicar a súa vida para explorala sen romper os lazos coa cultura europea e a tradición xudeocristiá. Estuda lingua, literatura e arte chinesas en Taiwan e Hong Kong, e chega a converterse nun reputado sinólogo. Ao seu modo de ver, quen permaneza ignorante desa civilización milenaria, só poderá acadar «unha comprensión limitada da experiencia humana»[3].

A súa simpatía inicial polo réxime nado en 1949, coa chegada dos comunistas ao poder, pronto deixa paso a unha aguda concien-

1 Profesor xubilado de Lingua Castela e Literatura. Membro do Consello de Encrucillada.

2 Broncenne, Pierre, El paraguas de Simon Leys, Acantilado, Barcelona. 2025.

3 Dúas das súas edicións de clásicos chineses, vertidas ao español: Shitao, Discurso acerca de la pintura por el monje Calabaza Amarga, Selecta, Universidade de Granada, 2012 e Confucio, Analectas, Edaf, Madrid, 1998.